

## DOMINGO 4 DO ADVENTO (B)

**PRIMEIRA 2 Sam 7, 1-5. 8b-12. 14a. 16**

O reino de David permanecerá para sempre diante do Señor

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO SEGUNDO LIBRO DE SAMUEL

Instalado o rei David na súa casa, e como o Señor lle dera a paz cos seus inimigos do arredor, díxolle el ó profeta Natán: -"Repara que eu estou instalado nunha casa de cedro, mentres a arca do Señor habita nunha tenda". Natán respondeulle ó rei: -"Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo".

Pero aquela mesma noite veulle a Natán esta palabra do Señor: -"Vai e dille ó meu servo David que isto di o Señor: ¿vasme edificar unha casa para que eu habite nela? Eu saqueite das mandas, de detrás dos rabaños, para que fóse-lo xefe do meu pobo Israel. Estiven contigo en todo o que emprendiches e arredei os teus inimigos diante de ti. E dareiche un nome tan grande coma o dos grandes da terra.

Eu fixarei tamén un posto para o meu pobo Israel. Eu plantareino e el vivirá alí sen sobresaltos. Non volverán asoballalo os fillos da iniquidade, como fixeron á primeira, no tempo en que puxen xuíces sobre o meu pobo Israel. Dareiche o repouso de tódolos inimigos e, por parte, o Señor anúnciache que che dará unha dinastía.

Cando se cumbran os teus días e vaias durmir con teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino. Eu serei para el un pai e el será para min un fillo.

A túa familia e o teu reino permanecerán na miña presenza para sempre, o teu trono manterase firme eternamente".

**SAL RESP. Sal 88, 2-3. 4-5. 27 e 29**

R/ (cf. 2a): Quero cantar por sempre o amor do Señor

Quero cantar por sempre o amor do Señor,  
pregoar polas xeracións a súa fidelidade:  
-"Penso que o teu amor está fundado co mundo,  
a túa fidelidade asentada cos ceos".

Co meu elixido firmo unha alianza,  
ó meu servo David fágolle un xuramento:  
-"Afincarei a túa liñaxe para sempre,  
construireiche un trono duradeiro".

El dirame: -Ti es meu pai,  
meu Deus, rocha da miña salvación.  
Gardareille o meu amor eternamente  
e a miña alianza con el será leal.

### **SEGUNDA Rm 16, 25-27**

O misterio escondido desde sempre, agora manifestouse

#### **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS ROMANOS**

Irmáns e irmás: A aquel que é potente para vos afiunzar no meu Evanxeo e no anuncio de Xesús Cristo, conforme a revelación do misterio escondido durante tempos eternos, pero manifestado agora polas Escrituras proféticas, e por disposición do Deus eterno dado a coñecer a tódalas nacións para as levar á obediencia da fe, a Deus, o único sabio, por medio de Xesús Cristo, sexa a gloria para sempre. Amén.

### **ALELUIA Lc 1, 38:**

Velaquí a escrava do Señor, fágase en min segundo a túa palabra

### **EVANXEO Lc 1, 26-38**

Velaí concebirás e parirás un fillo

#### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaret, onde unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María. Entrando onde estaba ela, díxolle: -Alégrate, chea de gracia, o Señor está contigo. Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significa-lo saúdo

aquel. O anxo continuou: -Non teñas medo, María, porque ti atopaches gracia ante Deus; e, fíxate, vas concebir no teu ventre e darás á luz un fillo, ó que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

María respondeulle ó anxo: -¿E como pode ser isto, pois eu son virxe? O anxo replicoulle: -O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirete coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí te-la túa curmá Isabel, que concebiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles.

María contestou: -Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches. E o anxo marchou de onda ela.